

Os agochos¹

Aínda ecoan os pasos precipitados pola costa do *Palame*².

Aínda se acelera o corazón cando alguén se achega.

Aínda se escoitan, ao fondo, as cigarras e os grilos.

Aínda se intúe o voo dos morcegos, sombras na sombra.

Aínda aletean as risas e os berros.

Aínda nos libera o alento fresco da terra no crepúsculo.

Sempre é aínda...

1 Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](#), 8 de novembro, 2019. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de *Creative Commons*. Para ver unha copia desta licencia, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>



2 “Palame” designa un lugar moi concreto da parroquia de Peitieiros (Gondomar), no barrio de Peroleira. Alí se reunían os nenos durante as longas tardes de verán, entretendo as horas con xogos que se prolongaban ata ben entrada a noite...